




# PROXECTO EDUCATIVO

CEIP SAN FRANCISCO JAVIER

A CORUÑA

APROBADO POLO CONSELLO ESCOLAR  
XUÑO 2016





# PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

## ÍNDICE

### 1.- DATOS DO CENTRO

### 2.- CARACTERÍSTICAS DO CONTORNO

### 3.- INSTITUCIÓN E SERVIZOS CON COLABORACIÓN DO CONTORNO

### 4.- TIPOLOXÍA DE CENTRO

### 5.- EXPECTATIVAS EDUCATIVAS DO CENTRO

### 6.- NOTAS DE IDENTIDADE

### 7.- FORMULACIÓN DE OBXECTIVOS DO CENTRO

Ámbito pedagóxico

Ámbito humano e de servizos

Ámbito de xestión e organización.

Ámbito institucional

Ámbito de relación con outras entidades.

### 8.- ESTRUCTURA ORGANIZATIVA DO CENTRO

1.-ÁREA DE COORDINACIÓN E XESTIÓN.

AREA DIDÁCTICA

AREA DE PARTICIPACIÓN

ÁREA DE PLANIFICACIÓN.

OTROS ÁBITOS.

- ◆ Dpto. Orientación.
- ◆ Actividades complementarias e extraescolares
- ◆ Ensinanza de relixión.
- ◆ Ensinanza de idiomas.
- ◆ Agrupamentos

- ◆ Planificación Horaria
- ◆ Servizos.
- ◆ Asociación de nais e pais

## **9.- AVALIACIÓN DO PROXECTO**

*Este documento foi elaborado conforme ao recollido na normativa prescriptiva: LOMCE (art.121); D. 374/1996 (Art. 85-88)*

*O presente Proxecto Educativo foi aprobado o 29 de xuño de 2016 e foi avaliado positivamente polo Consello Escolar na súa reunión do 29 de xuño de 2016.*

## 1.- DATOS DO CENTRO

Denominación: Colexio de Educación infantil San Francisco Xabier

Enderezo: Ronda de Outeiro,72, 15009. A Coruña,

Teléfono: 881 960980

Correo electrónico: [ceip.sanfrancisco@edu.xunta.es](mailto:ceip.sanfrancisco@edu.xunta.es)

Páxina web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanfrancisco/>

## 2.- CARACTERÍSTICAS DO CONTORNO

### 1.- Situación xeográfica:

O **CEIP San Francisco Xabier** está situado na zona da “Cubela”, espazo que sufriu unha grande evolución nos últimos 25 anos. Ata entón era unha área deprimida, considerada do extrarradio da cidade, ocupada por chabolas nas que habitaban gran número de persoas de etnia xitana e con casas unifamiliares que conformaban o barrio da Gaiteira. A arteria máis frecuentada e significativa era a rúa Ramón y Cajal que absorbía unha grande circulación de camións, procedentes das instalacións portuarias e cara á saída da cidade.

Parte de este terreo foi adquirido polo Corte Inglés e por un consorcio de comercios coruñeses para construír o “**Centro Comercial Cuatro Caminos**”. A partir de ese momento o barrio sufriu unha grande transformación que cambiou por completo a configuración da zona.

Construíuse o colexio para albergar ao alumnado que se escolarizaba nuns barracóns prefabricados e nunhas aulas cedidas de forma provisional polo Instituto Fernando Wirtz ao CEIP Concepción Arenal .

Actualmente o colexio está enclavado nun dos barrios comerciais máis importantes da cidade. Este barrio foi urbanizado con edificios modernos, xardíns, instalacións deportivas, servizos municipais e situado, así mesmo, moi preto da estación de autobuses e a de ferrocarril e tamén do edificio de Servizos Múltiples da Xunta de Galicia.

É unha zona ben planificada con abundantes áreas de esparcemento e ocio, rúas peonís acondicionadas para o paseo e abundantes xogos infantís.

### 2.- Demografía:

Somos un Centro de base dous, con + de 500 alumn@s con un grupo creado a maiores no ciclo de EI, superando os 25 alumn@s por aula en varios niveis, tanto de Ed. Infantil como de E. Primaria.

En canto ao profesorado, dicir que está formado por 32 mestres e mestras.

En canto ao **ámbito demográfico** debemos facer unha distinción entre **dous tipos** de asentamentos familiares.

Por unha banda existen familias asentadas desde fai moito tempo no barrio, sendo as segundas e terceiras xeracións as que asisten neste momento ao colexio.

Por outra banda, as novas edificacións que contan con moitos pisos, albergan unha poboación nova que fan un considerable aporte de alumnado ao centro. Tras unha análise do censo Municipal extráese como conclusión que é maioría a poboación nova cunha media de 1,5 fillos por familia, aínda que, cada vez máis, nótase o incremento de fillos únicos e de fillos adoptados.

Cómpre salientar que, de momento, a solicitude de prazas para o colexio supera con amplitude a oferta que se fai no momento da matrícula polo que tódolos anos debense de rexeitar solicitudes.

### **3.- Nivel socio-económico e cultural:**

Desde o punto de vista económico e laboral a situación é diversa xa que nunha porcentaxe dun 35% teñen un desenvolvemento baixo. Nesta porcentaxe inscríbense familias nas que somentes traballa un dos proxenitores, xeralmente por conta allea e con baixa cualificación profesional.

Por contra o 65% restante traballan por conta propia, profesións liberais, funcionariado ou no sector servizos; a maioría posúen titulacións de grado medio ou superior o que conleva unha situación familiar de maior benestar económico polo feito de traballar ámbolos dous cónxuges.

Cada vez con máis frecuencia preséntanse situacións de familias desestruturadas que inflúen negativamente no desenvolvemento académico dos/as fillos/as.

Destácase unha baixa porcentaxe dun 2-3 % das familias do Centro que se poidan considerar de ambientes marxinais aínda que o alumnado está plenamente integrado na dinámica escolar.

### **4.- Aspecto lingüístico:**

A lingua habitual de uso no seo das familias e fóra de elas é o Castelán pero non existe rexeitamento algún cara o estudo da Lingua Galega quizáis porque sexa esta a que se usa a nivel coloquial en moitas das familias entre os pais, avós, etc, xa que son moitos os que proceden da zona rural.

Cúmprese de forma total a normativa do fomento da Lingua Galega tanto a nivel escrito como oral no desenvolvemento das actividades académicas.

## **5.- Servizos culturais, sociais e equipamento:**

A zona conta con amplos servizos de carácter cultural e social e deportivo; o Concello na súa remodelación dotouno dunha importante infraestrutura, dispónse de:

❖ **Forum Metropolitano**, situado no Parque Europa, téñ biblioteca, auditorio, centro da terceira idade, servizos sociais con talleres adicados ao tempo de ocio e dirixidos a todos os grupos de idade, etc.

❖ **Polideportivo** situado no patio do Colexio, xestionado polo S.M. de Deportes e de uso preferente para o alumnado do Centro.

❖ **Biblioteca González Garcés**, ubicada no barrio de Elviña, preto da Cubela, onde se ofertan abundantes actividades culturais ás que teñen acceso os veciños do noso barrio.

❖ **Polideportivo San Diego**, punto de deporte enclavado na zona.

❖ **Parque da Cubela e parque de Oza**. Dúas zonas axardinadas e con equipamentos de ocio e xogos infantís

❖ De carácter privado, pero de tipo popular, está a **Sociedade Cultural e Recreativa da Gaitera**, con numerosas ofertas para o tempo de lecer.

Ademais dos mencionados, están amplamente cubertas as necesidades de saúde e comercio.

## **3.- INSTITUCIÓN E SERVICIOS CON COLABORACIÓN DO CONTORNO**

A Cidade da Coruña e o barrio da Cubela conta con distintas asociacións e entidades encargadas de organizar actividades recreativas, culturais e deportivas:

- Centro Cívico-Social
- Residencias da Terceira Idade
- Biblioteca municipal
- Biblioteca González Garcés
- Asociación Deportiva San Fco. Xabier
- Agrupación Deportiva Oar Coruña.
- Centro Comercial Corte Inglés

### **Centros deportivos:**

- Pavillón municipal de deportes San Fco. Xabier
- Instalacións deportivas do OAR Coruña

### **Centros de ensino:**

- Garderías Municipais.
- IES de Monelos.

- Universidade da Coruña

**Contamos, ademais con:**

- Servizo de Emerxencias Municipais.
- Servizos de asistencia social.
- Centro médico de atención primaria.
- Asociación de veciños Monelos.
- Fundación Manuel Jove
- Fundación Paideia

#### 4.- TIPOLOXÍA DO CENTRO

Neste apartado descríbese o Centro que, cos datos que se aportan, configúrase como un CEIP de tipo B.

##### 1.- Titularidade.

A titularidade do CEIP San Francisco Xabier, por ser un colexio público, osténtaa a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

##### 2.- Datos físicos do centro.

O edificio actual foi construído no ano 1984 e comezou a funcionar como centro educativo en Xaneiro de 1985 con dez unidades procedentes do primitivo colexio San Francisco Xabier, ubicado nos barracóns da Cubela. O 16/06/1985 (DOG 13/08/1985) foi creado o Colexio coa mesma denominación, absorbendo 7 unidades de desglose procedentes do Centro Concepción Arenal, quedando configurado con 23 unidades (2 de preescolar e 21 de E.X.B.). Na actualidade funciona como CEIP con 6 unidades de Ed. Infantil e 13 de Ed. Primaria.

No seu interior o edificio consta de tres plantas:

**Na planta baixa** sitúanse as dependencias administrativas (Dirección, Secretaría, X. de Estudos, Administración e Conserxería), sala de profesorado, Biblioteca, local da ANPA, comedor, 2 aulas de Ed. Infantil, diversos locais de pequeno tamaño adicados a almacenaxe de material, aseos e servizos.

**No primeiro andar** están situadas as restantes aulas de Ed. Infantil, as aulas de 1º e 2º nivel de Ed. Primaria, a aula de Música, a aula de Idiomas/informática, o despacho de Orientación, os aseos e servizos e 2 pequenos espazos adicados á atención do alumnado neae (titorías A.L e P.T).

**No segundo andar** están ubicadas as aulas de 3º a 6º nivel de Ed. Primaria, os aseos e servizos, o salón de Usos Múltiples, unha aula grande de Psicomotricidade, a aula de informática do Concello e, tamén, 2 pequenos espazos para a atención do alumnado neae (titorías A.L e P.T).



**O espazo exterior** está ocupado, na parte dianteira do edificio, por unha zona de estacionamento; na parte posterior hai un pavillón polideportivo e o resto do espazo adicase a patio de recreo con pistas deportivas e unha zona de xogos infantís.

Deixar constancia de que o centro dispón dende o curso 2015-2016 dun Plan de Autoprotección. Dito Plan foi elaborado seguindo a normativa correspondente pola empresa GESPLAN.

### **3.- Aspectos cualitativos e cuantitativos.**

**A xornada escolar** no CEIP San Francisco Xabier desenvólvese en xornada única de mañá dende Xaneiro de 1988, pola resolución da Dirección Xeral de EXB (30/11/1987) que autorizou, con carácter experimental, a devandita xornada e que se seguiu matendo ata o de agora por ser a opción maioritariamente elixida nos distintos procesos de votacións que se levaron a cabo ao longo de estes anos seguindo as ordes da Consellería de Educación e O.U.

Como ofertas educativas o Centro da a opción á elección de Relixión ou Atención Educativa/Valores. E ten implantado o idioma inglés en todos os niveis segundo normativa curricular vixente.

No eido da actividade física cóntase con unha Agrupación Deportiva- San Fco. Xabier- da que toda a comunidade escolar forma parte. A través de esta agrupación e tamén da ANPA ofértanse unha variada gama de actividades extraescolares de tipo cultural e deportivo que se levan a cabo en horario de 16:00h a 19:00h durante todos os días da semana, mantendo unha boa coordinación co Concello e as Federacións Deportivas.

O número de alumnos/as ascende a uns 490 nenos/as, distribuídos en 18 aulas con unha media de 25 por grupo (nº que se ve habitualmente incrementado) e atendidos por 32 mestres/as xeralistas e especialistas. Contamos con unha conserxe, un administrativo, e 3 persoas de limpeza (unha a tempo total en horario de mañá), así como tamén dous conserxes no pavillón. Este último persoal está contratado polo Concello da Coruña ou empresas licitadas.

Por catálogo, seguindo a Orde 12 de Agosto 2010, as unidades e os postos de traballo son os seguintes:

- ✓ Unidades: 6 de EI – 12 de EP
- ✓ Postos de traballo: 8 de EI, - de EP, 2 de FI, 1 de FF, 1 de EM, 2 de EF, 1 de PT, 1 de AL, 1 de DO

Fóra de catálogo hai unha profesora de Relixión Católica a tempo total.

Nos diferentes cursos académicos o número de especialistas en atención ás neae vese alterado dándose unha situación de poder contar con unha segunda especialista en A.L ou non, segundo o caso. Neste momento, por necesidades do Centro, están nomeadas unha segunda especialista en PT e outra en AL e 2 coidadoras que atenden ao alumnado con necesidades.

Como servizos complementarios, sinalar que o centro conta con comedor xestionado pola ANPA a través da contratación dunha empresa de catering (ARUME) que dá servizo a uns 200 comensales case a diario. Tamén dispón de servizo de Madrugadores.

## 5.- EXPECTATIVAS EDUCATIVAS DO CENTRO

Unha vez coñecido o marco contextual no que nos desenvolvemos e coa mirada posta no que **queremos ser**, cómpre salientar unha serie de aspectos que no ámbito educativo son, manifestamento, mellorables dende o consenso de todos os estamentos que compoñen a Comunidade Escolar para acadar unha mellor calidade no proceso de ensino-aprendizaxe.

Consideramos que un dos pilares na formación integral do individuo é o **respecto**, orientado basicamente cara si mesmo, cara aos demais e cara a contorna. Isto supón a eliminación de todo tipo de agresión: verbal, xestual e física (de darse o caso). Supón saber dirixirse aos adultos e aos compañeiros cultivando as “boas maneiras” e o diálogo como o único medio desexable para a solución de conflitos. Supón coidar o material, o edificio e o espazo físico no que nos movemos porque é de uso propio e de todos/as.

Fomentar **a responsabilidade** persoal en relación a todo tipo de tarefas que se poidan acometer, así se incrementará a autoestim e a autoimaxe o que implica unha transferencia positiva para acadar metas posteriores.

Potenciar **un uso racional e satisfactorio do tempo de lecer** fomentando hábitos de lectura, de participación, culturais e medioambientais porque consideramos que tan importante é o desenvolvemento persoal do tempo sen estruturar fóra do ámbito escolar como o que, de xeito cotiá, está estruturado polo horario lectivo.

O tempo de ocio é moi enriquecedor se é ocupado de xeito positivo e contribúe, en gran maneira, á formación persoal do individuo. O alumnado acadará unha autonomía persoal que lle vai permitir saber tomar as decisións axeitadas en cada momento ao longo da súa vida.

## 6.- NOTAS DE IDENTIDADE

Por ser un colexio público, hai rasgos de identidade que veñen marcados pola lexislación sobre os que non pode haber interpretación algunha; sen embargo convén resaltar, entre outras cuestións, os seguintes aspectos:

- ✓ A confesionalidade.
- ✓ A lingua de aprendizaxe.
- ✓ A línea metodolóxica.
- ✓ pluralismo e os valores democráticos.
- ✓ A educación para a igualdade.
- ✓ A modalidade de xestión institucional.

## **1.-A confesionalidade.**

Nun sistema xurídico-político baseado no pluralismo, na liberdade ideolóxica e relixiosa dos individuos e na aconfesionalidade do Estado, todas as institucións públicas, e moi especialmente os centros docentes, han de ser ideoloxicamente neutrais; por iso nos manifestamos respectuosos cara a todas as confesións do alumnado e profesorado, renunciando a todo tipo de adoutramento, proselitismo ou sectarismo amosando un total respecto cara as crenzas de cada individuo.

## **2.- Lingua de aprendizaxe.**

Tendo en conta o estudo sociolingüístico realizado a nosa comunidade (alumnado, familias e profesorado) a aprendizaxe da lecto-escritura na etapa de Ed. Infantil desenvolverase maioritariamente en lingua castelá introducíndose, paulatinamente, o uso da lingua galega. En Ed. Primaria impartirase en esta última lingua un 50% das materias, seguindo o estipulado no Decreto 79/2010 do 20 de Maio para o plurilingüismo no ensino non universitario. Destacar tamén o ensino dunha primeira lingua estranxeira: inglés para todo o alumnado.

É importante destacar a formación no respecto e recoñecemento da pluralidade lingüística e cultural e da interculturalidade como un elemento enriquecedor da sociedade.

A capacitación para a comunicación nas dúas linguas oficiais da comunidade autónoma e nunha lingua estranxeira é un dos obxectivos primordiais de esta etapa educativa. Potenciarase o ensino da lingua galega de xeito que se garanta un efectivo dominio de esta en igualdade co da lingua castelá. A lingua galega será a lingua de relación do centro coas outras administracións e cos distintos sectores da comunidade educativa.

Contribuíndo á Normalización Lingüística do Galego, toda a documentación administrativa do Centro estará en esta lingua e potenciaranse actividades tendentes a que, ao rematar a escolaridade, o noso alumnado acade a mesma competencia nas dúas linguas oficiais da nosa Comunidade Autónoma.

## **3.- Liña metodolóxica.**

Máis que establecer una liña metodolóxica estricta e ríxida, poucas veces alcanzable, buscamos o equilibrio e a complementariedade de métodos diversos, tratando de atopar puntos de encontro en relación a: observación directa, aprendizaxes significativas, alternancia entre individualización e socialización, descubrimento e funcionalidade das aprendizaxes.

A nosa estratexia metodolóxica basease no método activo, globalizador, socializador e individualizado. Fomentaremos a participación do alumnado no seu proceso de aprendizaxe, creando en el unha actitude curiosa, crítica e de busca con unha posición aberta e receptiva cara aos cambios que permanentemente están xurdindo na sociedade.

Seguindo as etapas evolutivas do alumnado buscarase que cada quen se prepare para asumir as

súas responsabilidades como persoa inmersa nunha colectividade e cultura concretas.

A incorporación das competencias básicas no currículo escolar require unha práctica educativa que permita ao alumnado integrar as súas aprendizaxes relacionándoas con diferentes tipos de contidos (conceptos, destrezas e aptitudes), usar con efectividade eses contidos e aplicalos a situacións e contextos variados.

Buscaremos métodos que permitan aprender desde a realidade con curiosidade e interese, métodos que favorezan que os/as nenos/as traballen man a man, mente con mente, cooperen, progresen ao seu propio ritmo e aprendan a aprender acadando cada vez maior autonomía e sendo protagonistas da súa propia aprendizaxe. Así traballo por proxectos, recunchos, a través de asembleas, con enfoque cooperativo... serán algunhas das propostas.

Buscaremos a concepción da educación como unha aprendizaxe permanente, que se desenvolve ao longo de toda a vida. A flexibilidade para adecuar a educación á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades do alumnado, así como aos cambios que experimentan o alumnado e a sociedade.

Para todo isto destacamos a importancia da Biblioteca escolar como motor do centro e así a través da participación no Plamb da Consellería de Cultura, Educación e O.U poñemos en marcha cada curso un Proxecto global de Centro como eixe motivador. Contamos para iso cun activo fundamental: o voluntariado lector.

Entendemos como moi importante a disciplina como instrumento de convivencia non como unha imposición coercitiva senón baseada no respecto mútuo, na reflexión e no diálogo. Destacamos así pois a existencia dun Plan de Convivencia reformulado no curso 2015-16 e informado en Claustro e Consello Escolar en xuño do 2016.

Manteremos a colaboración e coordinación co centro de secundaria ao que estamos adscritos: IES Monelos. Esta coordinación lévase a través de xuntanzas de docentes e alumnado potenciados e coordinadas polos respectivos Dptos. de Orientación e os Equipos Directivos.

#### **4.- Pluralismo e valores democráticos.**

Debemos garantir a formación no respecto aos dereitos e liberdades fundamentais e no exercicio da tolerancia dentro dos principios democráticos da convivencia.

A educación desenvolverase nun marco de tolerancia e respecto de todos e cada un dos individuos que conforman a Comunidade Escolar, non se poderá exercer ningún tipo de coacción sobre convicións ideolóxicas ou crenzas determinadas.

Cremos nunha educación integradora que recoñeza a diversidade da poboación escolar. Consideramos moi importante que o alumnado aprenda a convivir cos demais compañeiros/as, independentemente das diferenzas que existan entre eles. Interésanos unha formación ética, moral

e cívica baseada nos dereitos humanos.

Respecto aos valores democráticos considerámoslos en dúas vertentes: a xestión do Centro e a transmisión de valores educativos.

Na xestión do Centro consideramos necesaria a participación activa e efectiva de todos os estamentos que interveñen en dita xestión a través dos representantes elixidos.

O Colexio debe transmitir ao alumnado os valores básicos de unha sociedade democrática: o respecto ás ideoloxías, o sentido da solidariedade, a tolerancia e a satisfacción polo traballo ben feito, xa que logo contribúe eficazmente no desenvolvemento de unhas sociedade máis xusta.

Debemos preparar ao noso alumnado para o exercicio da cidadanía e para a participación activa na vida económica, social e cultural, con actitude crítica e responsable e con capacidade de adaptación ás situacións cambiantes da sociedade do coñecemento.

Debemos propoñer unha formación para a paz, o respecto aos dereitos humanos, a vida en común, a cohesión social, a cooperación e solidariedade entre os pobos así como a adquisición de valores que propicien o respecto cara aos seres vivos e o ambiente, en particular ao valor dos espazos naturais e o desenvolvemento sustentable.

Todas estas ideas se recollen tamén no Plan de Convivencia e no plan de Atención á Diversidade.

## **5.- A educación para a igualdade.**

Decantámonos por orientar as actividades de cara a unha educación para a igualdade de oportunidades sen discriminacións por razón de sexo, superando mitos e tabúes que, tradicionalmente, asignaban roles diferentes a mulleres e homes.

Isto determina unha metodoloxía didáctica que trata de evitar condutas sesgadas procurando proporcionar ao alumnado imaxes diversificadas e non convencionais de un e outro sexo.

Consideramos fundamental:

- ✓ A elección de libros de texto e lecturas complementarias, analizando os seus contidos.
- ✓ Manter un criterio coeducativo para facer os agrupamentos no traballo escolar.
- ✓ Establecer propostas de orientación escolar.
- ✓ Despertar o espírito crítico en este aspecto para que, por si mesmos, sexan capaces de identificar e rexeitar os rasgos sexistas que, aínda a día de hoxe, permanecen de feito na sociedade.
- ✓ Desenvolver campañas de sensibilización con axuda de organismos e entidades significativas.
- ✓ A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade.

Destacar ademais que intentamos recoller tanto nos documentos de centro como nas concrecións curriculares estas ideas aquí reflectidas. Recollendo, asemade, os protocolos emanados ao respecto.

## **6.- Modalidade de xestión institucional.**

Preconizamos para o noso Centro unha xestión participativa e democrática dos distintos estamentos: familias, profesorado, persoal non docente e alumnado. Todos os órganos de xestión asumen as súas responsabilidades e exercen o seu labor en función das mesmas.

Favorecerase o traballo asociativo do profesorado, familias e alumnado procurando unhas relacións fluídas.

É fundamental o diálogo escola-familia para unificar criterios, con isto eliminaranse moitas tensións que poden constituir un desequilibrio psicolóxico no/a neno/a. Destacamos, nesta liña, as reunións de apertura de curso para todas as familias, tanto a nivel de centro, con sendas convocatorias nos diferentes niveis educativos do equipo directivo no mes de setembro; como as de aula, onde cada titor/a se reúne a partir do mes de outubro con todas as familias.

As suxestións formuladas polas familias débense considerar como unha axuda que permita facer os axustes precisos.

Potenciaranse as relacións entre o Centro e as distintas administracións locais e educativas, así como con distintas entidades e organizacións que poidan contribuír a mellorar a calidade do ensino. Participamos en múltiples actividades e proxectos emanados do propio Concello, asociacións da cidade, fundacións, Universidade... Todo iso a través dun Plan de Actividades Complementarias e Extraescolares elaboradas a principios de cada curso e aprobadas polo Claustro e Consello Escolar.

## **7.- FORMULACIÓN DE OBXECTIVOS**

Formulamos uns obxectivos difíciles de medir que amosan unha clara intencionalidade e que serán obxecto de unha posterior planificación e desenvolvemento con actividades máis específicas e medibles, referenciámoslos a todos os ámbitos de xestión.

### **1.- Ámbito pedagóxico.**

- Propiciar un ensino no que se desenvolva a autonomía persoal, a iniciativa, a orixinalidade, a creatividade e a capacidade de expresión.
- Crear habilidades que favorezan a competencia de aprender a aprender, coñecendo as propias capacidades (intelectuais, físicas e emocionais) e establecendo estratexias e recursos para desenvolve-las.
- Potenciar o desenvolvemento nas habilidades de observación, experimentación, asimilación e expresión de acordo co estado evolutivo do alumnado.
- Fomentar experiencias relacionadas coas novas tecnoloxías da información e comunicación, utilizándoas como un método moi efectivo na transmisión de coñecementos e información,

facendo que a aprendizaxe do noso alumnado sexa moito máis real e integrado no mundo que lles vai tocar vivir.

- Estimular o tratamento dos temas transversais: educación para a saúde, ambiental, vial, o consumo, a paz...como parte integrante da actividade cotiá.
- Lograr que ao remate da Educación Primaria o alumnado teña unha completa competencia no dominio das dúas linguas oficiais, de maneira que poidan seguir os seus estudos da ESO sen dificultades.
- Fomentar a capacidade de observación e crítica, así como a adquisición de hábitos de traballo intelectual.
- Potenciar a igualdade de oportunidades para que non se produza discriminación alguna por razón de sexo, así como atender á diversidade cando as condicións persoais presenten algún tipo de discapacidade ou por calquera outro motivo como raza, relixión, recursos económicos, etc.
- Comprementarse solidariamente na defensa da contorna medioambiental.
- Incorporación nas programacións didácticas de obxectivos e contidos relacionados coas tradicións e o patrimonio cultural da nosa Comunidade Autónoma, para que os/as alumnos/as as coñezan, as respecten e as conserven.
- Analizar, secuenciar e coordinar os obxectivos de aprendizaxe de maneira que permitan ao profesorado actuar con criterios comúns. Prever os instrumentos da avaliación necesarios de acordo coa metodoloxía empregada.
- Facer do grupo do profesorado un equipo participativo e coherente.
- Desenvolver nos alumnos as seguintes competencias:
  - ✓ 1º. Comunicación lingüística (CCL).
  - ✓ 2º. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).
  - ✓ 3.º Competencia dixital (CD).
  - ✓ 4º. Aprender a aprender (CAA).
  - ✓ 5º. Competencias sociais e cívicas (CSC).
  - ✓ 6º. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
  - ✓ 7º. Conciencia e expresións culturais (CCEC).

## **2.- Ámbito humano e de servizos.**

- Impulsar as normas básicas de diálogo. Expresar ideas e escoitalas. Inculcar valores de tolerancia como xeradores de unha boa convivencia. Traballar sistematicamente na consecución da cortesía no trato como algo natural.
- Respetar as opcións persoais sobre ideoloxía política ou relixiosa, educando ao alumnado no respecto a todas as crenzas ou á ausencia de estas.
- Desenvolver actitudes de cara ao respecto ás normas. Ser quen de establecer relacións equilibradas coas persoas e cos grupos sociais.
- Manter coas familias canles de información o máis directas posibles, recoñecéndolas como parte integrante da educación.
- Conseguir a implantación e observancia do NOFC.
- Desenvolver e participar anualmente nos plans de formación en centros da convocatoria da Dirección Xeral da Consellería de Cultura, Educación e O.U
- Formar ao alumnado en igualdade, sen ningún tipo de discriminación e eliminando estereotipos en

relación aos roles do home e da muller na sociedade.

- Fomentar en toda a comunidade educativa actitudes de respecto e defensa do medio ambiente.
- Educar no respecto aos valores morais e cívicos.
- Educar para un consumo responsable.
- Educar para unha boa utilización do tempo de lecer.
- Desenvolver no alumnado hábitos e actitudes de respecto ás normas de educación viaria.
- Propiciar a autonomía do alumnado a través da adquisición de hábitos de estudo, orde e traballo.
- Valorar criticamente os hábitos relacionados coa saúde, consumo e medio ambiente.
- Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal.
- Desenvolver no alumnado a imaxinación, a orixinalidade e o espírito crítico.
- Proporcionar a todos os/as alumnos/as a atención psicopedagóxica e a orientación educativa precisa.
- Desenvolver un plan de acción tutorial que proporcione ao alumnado o coñecemento do seu contorno físico, social e educativo.
- Adecuar o currículo aos diferentes ritmos de aprendizaxe con especial atención ao alumnado con necesidades educativas especiais.
- Favorecer a socialización do alumnado propiciando a consecución de destrezas que faciliten a súa integración.

### **3.- Ámbito de xestión e organización.**

- Revisar periodicamente os elementos do currículo e facer os axustes necesarios se fose o caso.
- Planificar dende a P.X. Anual e revisar periodicamente os documentos de centro para telos activos e actualizados: NOFC, PAT, Plan de Convivencia, Plan Xeral Atención á Diversidade...
- Propiciar a creación de grupos de traballo para a reflexión e análise da actividade docente.
- Arbitrar as medidas necesarias entre os distintos órganos para velar polo funcionamento do Proxecto Educativo.
- Fomentar o funcionamento do Departamento de Orientación.
- Potenciar e fomentar o funcionamento, como elemento de coordinación horizontal e vertical, da C.C. Pedagóxica e como elemento clave na actividade pedagóxica do Centro.
- Revisar a distribución e utilización de recursos materiais e didácticos para acadar a maior eficacia.
- Realizar unha xestión administrativa e económica eficaz e transparente.
- Lograr un sistema de comunicación áxil e eficaz entre toda a comunidade educativa

### **4.- Ámbito institucional**

- Fomentar a participación no control e xestión.
- Favorecer a colaboración e intercambio con outros centros, especialmente co IES de Monelos.
- Transmitir a información ás familias dos alumnos sobre o proceso instructivo e formativo de estes.
- Impulsar a participación do profesorado en actividades de formación permanente. Tanto a nivel individual como colectivo.



- Favorecer a interacción Colexió- Anpa, para tratar os temas que redunden na formación educativa do alumnado.
- Favorecer as relacións con todas as institucións e centros relacionados con anterioridade na procura de que, froito das mesmas, a mellora do centro poida ser significativa en tódolos planos: educativo, organizativo, de xestión...
- Colaborar co Concello nas actividades organizadas por este e dirixidas á formación do alumnado.

## **5.- Ámbito de relación con outras entidades.**

- Potenciar o uso das bibliotecas públicas tanto para a lectura lúdica como a de consulta.
- Fomentar a participación nas conmemoracións, tanto de carácter oficial como populares e tradicionais, das entidades arraigadas no barrio, na zona e na cidade en xeral.
- Aproveitar as ofertas culturais das distintas entidades municipais, facilitando a asistencia dentro do horario lectivo.
- Facilitar a distribución horaria e de espazos que permitan un correcto desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares en horario lectivo e non lectivo.
- Establecer canles de comunicación entre os representantes da Comunidade Educativa cos órganos colexiados e os reus representados.
- Potenciar e validar as actuacións e iniciativas da Asociación Deportiva San Fco. Xabier como elemento significado do centro.

## **8.- ESTRUCTURA ORGANIZATIVA**

Está formada por un conxunto de elementos (órganos unipersoais e colexiados, equipos docentes, titorías, comisións, ANPA, etc.) e por as relacións que se establecen entre os mesmos.

As normas de regulamento de convivencia figuran no NOFC e a regulamentación especificamente académica aparece expresamente reflectida nas concrecións curriculares.

Os documentos de centro recollen, nos diferentes apartados, as premisas dos diversos protocolos de Educonvives (Planificación da Consellería)

### **1.-ÁREA DE COORDINACIÓN E XESTIÓN.**

Está formada polo Director/a, Xefe/a de Estudos e Secretario/a que configuran o Equipo Directivo.

#### **1.1) Director/a.**

É elixido por unha comisión de valoración trala presentación de un proxecto de Dirección e nomeado pola Xefatura Territorial da Consellería de Educación e OU por un período de catro anos renovables, por un máximo de tres renovacións consecutivas. Precisa ademais estar acreditado pola Administración Educativa para o exercicio da función directiva. As súas competencias están recollidas na actual Lei de educación LOMCE (Art. 131-132). As recollidas no Art. 8.2 do D.85/2015.

## **1.2) Xefe/a de Estudos e Secretario/a.**

Son designados/as polo/a Director/a de entre o profesorado do Centro, previa comunicación ao Consello Escolar e ao Claustro e é nomeado/a pola Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e OU por un período de catro anos ou cando cese o/a Director/a que o/a designou.

As súas competencias e funcións están establecidas no artigo 28 do Decreto 374/1996 de 17 de Outubro, polo que se aproba o regulamento orgánico das escolas de E.I. e dos colexios de E.P. As recollidas no Art. 8.4 do D.85/2015

## **1.3 Equipo directivo.**

Por primeira vez faise unha referencia a el no artigo 25.1 da Lei Orgánica 9/1995, do 20 de Novembro, da participación, avaliación e o goberno dos centros no que, textualmente, di: “Os órganos de goberno constituirán o equipo directivo e traballarán de forma coordinada no desempeño das súas funcións”. Actualmente coa publicación da LOMCE, no art. 131 figura o equipo Directivo, como un órgano executivo de goberno

No CEIP San Francisco Xabier procurárase que o equipo Directivo funcione como un órgano coordinado de goberno e participación. Na PXA estableceranse os momentos de reunión dos seus membros, téndose isto en conta á hora de elaborar os horarios do Centro. Asemade, os obxetivos anuais que se formulan.

As funcións, a modo de exemplo, que se fixan para o ED son:

- A transmisión de información en todos os sentidos.
- Planificación e avaliación de tarefas.
- Planificación de actividades.
- A análise de problemas que poidan xurdir.

## **2.-ÁREA DIDÁCTICA.**

Está formada polo Claustro de Profesores e os Órganos de Coordinación Docente.

### **2.1) Claustro de profesores**

**Composición:** Está inegrado pola totalidade do profesorado que presta servizo no Centro e será presidido polo director/a.

**Reunións:** Reunírase, preceptivamente, en sesión ordinaria unha vez por trimestre e sempre que o convoque o seu Presidente ou sexa solicitado, alomenos, por un tercio dos seus membros. En todo caso reunírase ao inicio e ao remate do curso.

**Competencias:** as establecidas no artigo 47 do Decreto 374/1996 do 17 de Outubro, polo que se aproba o regulamento orgánico das escolas de E.I. e dos colexios de E.P. As recollidas no Art. 7 do

D.85/2015 e asemade as recollidas na LOMCE, art.128-129)

## 2.2) Órganos de Coordinación Docente

- **Equipos de ciclo:** Están compostos polo profesorado que imparte a docencia en cada ciclo, encargados de organizar e desenvolver, baixo a supervisión da Xefatura de Estudos, as ensinanzas propias do Ciclo. Neste centro será o do 2º Ciclo de EI.

Coa publicación da LOMCE, e dada a nova estrutura da Educación Primaria se configuran por niveis educativos.

Reuniránse, alomenos, unha vez ao mes e a asistencia é obligatoria para todos os seus membros.

Recollidos no art. 130, da LOMCE pero fundamentalmente regulados nos artigos 54 e seguintes do Decreto 374/1996 do 17 de Outubro, e no capítulo VI.1 da Orde de 22 de Xullo de 1997 e de 2 de Setembro. As recollidas no Art. 9 do D.85/2015

- **Comisión de Coordinación Pedagóxica:** Está integrada polo Director/a como Presidente/a, o Xefe/a de Estudos, Os Coordinadores/as de Ciclo, o Orientador/a, o Coordinador/a do EDLG.

A CCP reunirase unha vez ao mes e realizará unha reunión extraordinaria ao comezo e ao final do curso e sempre que as necesidades o aconsellen.

A súa regulación está establecida nos artigos 61 e seguintes do Decreto 374/1996 do 17 de Outubro, e no capítulo VI.1 da Orde do 22 de Xullo de 1997 e de 2 de Setembro.

- **Equipo de Dinamización da Lingua Galega:** Tén como finalidade potenciar o uso da lingua galega. Está constituído por un profesor de cada ciclo a proposta da CCP. Puntualmente poderán incorporarse ao traballo do Equipo calquera membro da Comunidade Educativa.

O Coordinador de este Equipo será un profesor/a nomeado polo Director/a a proposta do resto dos componentes de este e desempeñará as súas funcións durante dous anos. Reuniranse mensualmente con dúas sesións extraordinarias ao comezo e ao final do curso.

A súa regulación está establecida nos artigos 63 e seguintes do Decreto 374/1996 do 17 de Outubro, e no capítulo VI.3 da Orde do 22 de Xullo de 1997 e de 2 de Setembro.

- **Equipo de actividades complementarias e extraescolares.** O equipo de actividades complementarias e extraescolares encargarase de promover, organizar e facilitar este tipo de actividades.

O xefe do equipo de actividades complementarias e extraescolares será un profesor, preferentemente con destino definitivo no centro, que designe o director por proposta do xefe/a de estudos, oída a comisión de coordinación pedagóxica.

A súa regulación está establecida nos artigos 69 e seguintes do Decreto 374/1996 do 17 de Outubro, e no capítulo VI.4 da Orde do 22 de Xullo de 1997 e de 2 de Setembro.

**Destacar que:**

Atendendo as necesidades do alumnado o Equipo Directivo, oído o Claustro, poderá asignar ao profesorado con horario lectivo dispoñible actividades como:

- ✓ Apoio e reforzo educativo.
- ✓ Atención á diversidade.
- ✓ Atención específica de apoio ao alumnado estranxeiro e minorías étnicas.

O Equipo Directivo, oído o Claustro, designará aos dinamizadores/as das dinamizacións específicas que se establezan na Programación Xeral Anual.

Así outros equipos e dinamizacións. Segundo se recolle na O. de 17 de julio de 2007 por la que se regula la percepción de la componente singular del complemento específico por función tutorial y otras funciones docentes (Art. 9 a 14)

### **3.- ÁREA DE PARTICIPACIÓN**

Compoñen esta área os órganos de participación no Centro: Consello Escolar, Comisións (económica, convivencia), Departamento de Orientación, o Claustro coas súas comisións e a ANPA.

#### **3.1.- CONSELLO ESCOLAR:**

É o órgano de goberno que no seu seno ten configurado diferentes comisións e grupos de actuación. Convivencia, Económica, igualdade...LOMCE

A Composición do Consello escolar vén regulamentada polos Decretos 374/1996 e 324/1996, tendo en conta o establecido no punto 1 da disposición adicional terceira do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro. O art. 57 da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito a educación. O art. 5 do D. 85/2015. E principalmente polo recolloda na LOMCE (Art. 126-127)

**Reunións e convocatorias:** as reunións celebraranse en día e hora que posibiliten a asistencia de tódolos membros, preceptivamente en sesión ordinaria unha vez por trimestre e sempre que sexa convocado polo seu presidente ou solicitado por un tercio, alomenos, dos seus membros. En todo caso reuniranse ao inicio e ao remate do curso.

**Atribucións:** As establecidas no artigo 127 da Lei Educativa LOMCE. E no art. 5º do D. 85/2015

Dentro do Consello escolar funcionarán:

- Unha **Comisión Económica**, composta por un pai/nai, un profesor/a, o Secretario/a e presidida polo Director/a. As súas funcións serán:
  - Elaborar e presentar presupostos e balances dos orzamentos recibidos.

- Revisar facturas.
  - Informar ao Consello sobre materias de índole económica.
- Unha **comisión de convivencia**, composta por tres pais/nais, tres docentes, un membro do persoal non docente, e será presidida polo Director/a.
- As súas funcións veñen recollidas no punto 4º do Art. 6 do D.85/2015.

### **3.2- AGRUPACIÓN DEPORTIVA.**

Está instaurada no colexio dende o ano 1987, creouse como unha necesidade de promover e regular o deporte no noso alumnado, xestionando a súa participación nos ámbitos do deporte escolar a nivel autonómico e municipal. Está legalmente constituída como asociación e asumida polo Consello Escolar que vela polo seu correcto funcionamento. Nela partidipan todo o alumnado que o solicita e tamén ex-alumnos do Colexio que manteñen así unha conexión co Centro. A súa programación anual e memoria de actividades figura no PXA e na Memoria do Centro.

### **3.3.- CLAUSTRO DE PROFESORES: Remitímonos ao apartado 2.1**

## **4. ÁREA DE PLANIFICACIÓN.**

O centro deberá organizar a súa actividade e desenvolver os principios, valores e obxectivos recollidos neste proxecto educativo. Os documentos de planificación nos que se desenvolverá o proxecto educativo serán:

1. A concreción do currículo que incluírá, entre outros aspectos:
  - As programacións didácticas, que incluírán as competencias básicas, obxectivos, contidos e criterios de avaliación así como as estratexias metodolóxicas e de atención á diversidade.
  - A educación en valores a través das distintas áreas.
  - Os criterios de avaliación e promoción do alumnado.
  - Medidas para o alumnado repetidor.
2. Plan de atención á diversidade.
3. Plan de orientación .
4. Plan de acción tutorial.
5. Proxecto biblioteca e plan anual de lectura.
6. Proxecto de educación dixital.
7. O proxecto lingüístico do centro
8. O plan de acollida.
9. Plan de saídas escolares.

## **4. Documentos de organización.**

- Normativa de Organización e Funcionamento.
- O Plan de Convivencia

-O plan de Autoprotección Escolar.

## **5. Documentos de xestión.**

-O Presuposto Anual.

-A Programación Xeral Anual.

-A Memoria Anual.

Ademais o centro poderá establecer dentro da Programación Xeral Anual e/ou a través de proxectos ou plans concretos a participación en programas de mellora da calidade educativa, programas internacionais e aquelas iniciativas que promovan unha mellora da práctica educativa.

## **5. OUTROS ÁMBITOS.**

### **A. Departamento de Orientación.**

Segundo o artigo 60.1 da lei orgánica 1/1990 de 3 de outubro a titoría e a orientación do alumnado formará parte da función docente.

No Decreto 120/1998, do 23 de Abril, polo que se regula a orientación educativa na Comunidade Autónoma de Galicia, crease un Departamento de Orientación nos colexios de E.I. e E.P.

As funcións e competencias veñen expresadas no artigo 10 e seguintes de dita Orde.

No colexio o D.O. desenvolverá as súas funcións naqueles ámbitos relacionados coa orientación psicopedagóxica e académica prestando especial atención a diversidade, atención educativa e a acción titorial, elaborando plans que axuden ao profesorado tutor a traballar co seu alumnado e establecendo as concrecións curriculares correspondentes a cada ciclo.

Na P.X.A. figurará a planificación do Departamento de Orientación para o curso en vigor.

### **B. Actividades Extraescolares e Complementarias**

Están reguladas nos artigos 69 e seguintes do Decreto 374/1996 do 17 de outubro e no capítulo VI.4 e IX da orde do 22 de Xullo de 1997.

Considéranse actividades complementarias as actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo espazo, momento ou recursos que se utilizan. Considéranse así as visitas, o traballo de campo, conmemoracións, etc. Deben figurar na PXA e requirirse a autorización previa, por escrito, dos pais/nais, titores/as do alumnado.

No centro lévanse a cabo de unha maneira regular: visitas culturais, itinerarios pola cidade, visitas a bibliotecas, asistencia a audicións musicais e concertos, visitas a museos, representacións teatrais... e participación en todo tipo de actividades propostas por distintas entidades que redundan en beneficio da actividade educativa.

Considéranse actividades extraescolares aquelas que, sendo aprobadas e controladas polo Consello escolar, se realizan fóra do horario lectivo. Figurarán na PXA e a participación nelas será voluntaria para o noso alumnado.

No Centro lévanse a cabo tres tipos de actividades, principalmente:

- Deportivas, ofertadas polo Concello e organizadas pola ANPA ou en colaboración coas federacións de deporte escolar que están ofertadas pola Agrupación Deportiva.
- Culturais, ofertadas pola ANPA en colaboración co Concello ou outras empresas.
- Biblioteca, xestionada e organizada polo mesmo Centro e colaborando o Claustro no seu control.

O Centro deberá favorecer a participación de alumnado nas actividades extraescolares, prestando todo tipo de apoio á ANPA e Asociación Deportiva no seu desenvolvemento. Deberán figurar na PXA e ser aprobadas polo Consello Escolar.

**Destacar como principais actividades complementarias:**

- ✓ Celebración do magosto.
- ✓ Celebración do Nadal.
- ✓ Celebración do Entroido.
- ✓ Celebración das Letras Galegas.
- ✓ Elaboración e edición do Xornal Escolar.
- ✓ Actividades de promoción da lectura.
- ✓ Plan de saídas escolares: saídas educativas dos diferentes niveis.
- ✓ Saídas ocasionais para participar en exposicións e/ou actividades didácticas que propoñen os distintos equipos de profesorado.
- ✓ Participación en concertos didácticos, representacións teatrais, visitas á Casas das Ciencias, do Home e dos Peixes, rutas urbanas...

**C. Ensinanzas de Relixión.**

Impártese o ensino de relixión e moral católicas a aqueles alumnos que as súas familias así o solicitan.

As outras confesións relixiosas impártense na medida en que se facilite profesorado para tal fin.

**D. Ensinanza de idiomas.**

O centro conta con profesorado especialista e oferta a implementación dunha primeira lingua estranxeira en todos os niveis: o inglés.

**E. Agrupamentos.**

Coherentemente coas formulacións pedagóxicas e didácticas que propoñemos, consideramos que o agrupamento do alumnado debe ser flexible, xa que permite un mellor desenvolvemento de unha pedagogía activa e un maior dinamismo no proceso de ensino-aprendizaxe.

Segundo as situacións puntuais de aprendizaxe, propoñemos tres tipos de agrupamento:

- Individual, cando o/a alumno/a deba traballar só/a.
- Pequeno grupo, cando a situación requira o traballo en equipo para producir un resultado común.
- Gran grupo, para as explicacións ou orientacións xerais do profesor/a, así como nas postas en común para analizar o traballo realizado.

Evitarase a formación de grupos segundo a capacidade intelectual, rendemento académico, ... mantendo sempre un criterio de paridade entre mulleres e homes. Os criterios de agrupamento ao inicio da escolarización, nos momentos de mestura de grupos ou en situacións especiais e específicas figuraran nas NOFC

#### **F. Planificación horaria.**

Consideramos igual de importante o tempo adicado ás tarefas propiamente académicas como ás de planificación, reunións, postas en común, etc para transferir información, programar, analizar, xestionar, avaliar, etc. Para unha maior eficacia na xestión é necesaro estruturar o tempo.

A Orde do 17 de Xullo de 2007 (DOG de 24 ) que regula a función titorial e outras funcións docentes posibilita unha xornada de traballo para o profesorado que se distribúe do seguinte xeito:

- 21 horas semanais de docencia directa ou horas de garda. Tamén se consideran lectivas as horas de redución establecidas para o desempeño dos órganos unipersoais de goberno, coordinacións de ciclo e coordinación deo EDLG.
- 4 horas semanais complementarias fixas: dúas en horario escolar adicadas a Dinamizacións, programas internacionais ou outras actividades que redunden na calidade do ensino ; e outras dúas fóra do horario escolar do alumnado para titorías de pais/nais, reunións de ciclo e/ou equipos, celebración de Claustro e Consello Escolar, sesións de avaliación, etc.

O profesorado ademais de avaliar o desenvolvemento das capacidades do alumnado, consonte os obxectivos xerais de etapa, deberá avaliar tamén as súas competencias no proceso de ensino. Fará, así mesmo, unha autoavaliación da súa práctica docente e do desenvolvemento do proxecto curricular.

Facilitaráselle ao profesorado a asistencia a actividades de perfeccionamento e investigación educativa, sen prexuício da obrigada asistencia aos Claustros e Consellos Escolares.

Os días non lectivos dos meses de Xuño e Setembro adicaranse, como está estipulado, á planificación do curso escolar e aos procesos de avaliación final e inicial, cumprimentación de expedientes, elaboración da PXA e da Memoria final, etc. Estarase o dictame da orde de calendario Anual e das súas instrucións.

#### **G. Servizos.**



### **G.1) Comedor escolar.**

No Decreto 132/2010 de 01 de Agosto, régulase o funcionamento dos comedores escolares nos centros docentes públicos. Así como as instrucións anuais periódicas que emanan da Secretaría Xeral.

No noso Centro funciona o comedor escolar segundo a modalidade sinalada no artigo 2.1.e do citado Decreto: Xestión do comedor escolar por entidades privadas sen ánimo de lucro, responsables da contratación e xestión integral do servizo, autorizadas para o efecto pola consellería competente en materia de educación, como poden ser as asociacións de nais e pais de alumnos e as súas federacións con que esta, se é o caso, poderá establecer fórmulas de colaboración mutua

Así pois dita contratación corre a cargo da ANPA do Colexio e a Comunidade Educativa, representada polo Consello Escolar, colabora na xestión e funcionamento de dito servizo.

Fan uso do comedor case unha media de 200 alumnos/as en turnos que abranguen o horario de 14:00h a 16:00h

Dentro do NOF do Centro existe un apartado específico coa normativa do Comedor.

Tamén contamos co Programa de Madrugadores que funciona antes da xornada lectiva entre as 07:30h e as 09:00h. Dentro de este programa se atende ao alumnado que o solicita por necesidades de conciliación familiar podendo optar as familias polo servizo ou non de almorzos, servidos pola mesma empresa de catering do mediodía.

**G.2) Vixilancia do Centro** corresponde ao servizo de Conserxería. As súas funcións son fixadas polo Concello, do cal depende, e coñecidas polo Equipo Directivo.

**G.3) A limpeza do Centro** e o mantemento das zonas axardinadas son responsabilidade do Concello a través de empresas licitadas por este órgano municipal. Grupo ITMA

### **H. ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS.**

De acordo co artigo 105 do Regulamento das escolas de E.I. e colexios de E.P., aos pais/nais do alumnado asístelles o dereito de constituir asociacións no centro coas competencias que se especifican no apartado II do devantido artigo.

No centro está constituída a Asociación de nais e pais A Cubela. A Asociación constitúe un elemento fundamental na vida do centro, sendo unha canle de participación e colaboración para as familias. Conta cunha persoa representante no Consello Escolar.

Así mesmo, no artigo 39 establécese que, dos representantes que lle corresponde ao sector de pais no Consello escolar, un poderá ser proposto pola ANPA legalmente constituída e en caso de existir máis dunha será a que teña maior representatividade (acreditarse, mediante certificado

asinado polo secretario/a, o número de asociados) a que poderá facer uso de este dereito.

As asociacións de pais/nais, despois da autorización do Consello Escolar, poderán facer uso das instalacións do Centro para a realización de actividades, responsabilizándose, en todo caso, dos estragos ou gastos que se poidan ocasionar. O programa de actividades a realizar cada curso deberá ser aprobado polo citado Consello escolar e debe figurar no corresponde PXA.

A Dirección do Centro, cando as circunstancias o permitan e previa solicitude, facilitará o uso dunha dependencia para o desenvolvemento das súas funcións...

A Asociación ven organizando as actividades extraescolares que se imparten fóra do horario lectivo e ás que asisten os/as alumnos/as con carácter voluntario.

Ademais colabora en festas e actos que organiza o centro, organiza actividades de fin de curso e programa unha escola de nais e pais dirixida ás familias.

A actual asociación denomínase ANPA "A Cubela". <http://www.anpacubela.es/>

## 9.- AVALIACIÓN DO PROXECTO

Este Proxecto Educativo será sometido a unha avaliación periódica para que sirva como elemento eficaz e útil na mellora da xestión do Centro.

A avaliación será continua, formativa e sumativa tendo como referencia os obxectivos do Proxecto e a estrutura organizativa do Centro.

### 1.- Avaliación continua.

Formará parte do proceso da actividade do Centro e orientarase de modo que proporcione á Comunidade Educativa unha información permanente do seu funcionamento.

### 2.- Avaliación formativa.

A avaliación terá, tamén, un carácter formativo. Estará orientada a mellorar o proceso e os resultados permitindo unha adecuación en cada momento para evitar a aparición de dificultades ou detectalas a tempo e poder facer os axustes necesarios.

### 3.- Avaliación sumativa.

O seu obxecto é a comprobación de resultados analizando o programa na súa totalidade, pódese interpretar como unha rendición de contas.

Consideramos o seu contexto, o seu deseño e os obxectivos, así como os procesos de aplicación.

Valoraremos como resultado final a adaptación ás necesidades que veñen determinadas pola práctica escolar cotiá o que nos proporcionará o grao de consecución dos obxectivos.

Este proceso de avaliación extenderase a todos os documentos que constitúen o Proxecto Educativo do Centro.

Será o Claustro de profesores/as, nunha tarefa promovida e coordinada polo Equipo Directivo o que fará a avaliación de carácter, fundamentalmente, técnico-curricular e será Consello Escolar asesorado, así mesmo, polo Eq. Directivo o que supervisará e avaliará o seu cumprimento.